



Atros da provincia

A noite dos
tempos

La noche de los
tiempos

O · U · R · E · N · S · E



COORDINADOR DA EDICIÓN
Fernando Rodríguez Nespereira

SUPERVISIÓN DA EDICIÓN
Pedro Araújo Nespereira
Belén Gómez Quevedo
José Carlos Sierra Rodríguez
Modesto González Fernández

FOTOGRAFÍA E TEXTOS
Tomás Vega Pato

OUTROS ARQUIVOS FOTOGRÁFICOS
Eduardo Núñez
Moncho
Iñiqui Osorio
Tomás Pérez Hernández
Xosé Lois Vázquez
Xan
Concello de Laza
Concello de Trives
Concello de Verín

EDITA
PADROADO PROVINCIAL
DE TURISMO DE OURENSE

INFOGRAFÍA E DESEÑO
Xosé Lois Vázquez e N.C., S.C.
Ourense

© Editorial PADROADO PROVINCIAL
DE TURISMO DE OURENSE

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución
ou representación de textos e fotografías están reservados,
e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude
e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Entroidos da Provincia



"Quien dice Carnaval lo dice todo".

(Julio Caro Baroja)

UN RITO ANCESTRAL

Esta frase de Caro Baroja é un bo comenzo para adentrarse na descrición do Entroido ourensano.

O Entroido chega ata os nosos días pola forza da pervivencia de ancestrais ritos e arraizadas crenzas, das que a orixe se perde na noite dos tempos, e pola idiosincracia do pobo galego, tan apegado ó seu. Isto propicia á vez que se conserve senón na súa pureza xenuína, si con poucas alteracións no que toca a aspectos non esenciais. A desaparición de labores e materiais tradicionais leva á carón a necesaria aceptación do disponible, así vemos cousas novas no canto doutras como tecidos, calzados, adornos, etc. Isto non é negativo, como poida parecer, xa que aspectos tales como o colorido, alixeiramento de peso dalgúns atavíos e o perfeccionamento das máscaras resultan favorecidos.

UN BEN CULTURAL

Dito esto podemos deducir que o Entroido ourensán pode considerarse un ben cultural legado en condicións óptimas para a súa perpetuación. Non obstante esta circunstancia non se da do mesmo xeito na totalidade da xeografía provincial, xa que en gran parte da mesma deixouse de celebrar, o que non implica necesariamente a súa perda, só é abandono, e a experiencia fainos optimistas de cara a súa recuperación, que de non ser total será considerable, non hai máis que te-lo acerto de recolle-lo que as xeracións que nos preceden poidan aínda transmitirnos.

UN RITO ANCESTRAL

La frase de Caro Baroja es un buen comienzo para adentrarse en la descripción del Entroido (Carnaval) ourensano.

El Entroido llega hasta nuestros días por la fuerza de la pervivencia de ancestrales ritos y arraizadas creencias cuyo origen se pierde en la noche de los tiempos, y por la característica idiosincrasia del pueblo gallego, tan apegado a sus tradiciones. Ello propicia a su vez que se conserve, sino en su más genuina pureza, sí con pocas alteraciones referidas a aspectos no esenciales. La desaparición de manufacturas y materiales tradicionales implicaba la necesaria aceptación de lo disponible, así vemos sustituidos tejidos, calzado, adornos, etc. Esto no es negativo, como a primera vista pudiera parecer, pues aspectos tales como colorido, aligeramiento de peso de ciertos atavíos y perfeccionado de máscaras, resultan favorecidos.

UN BIEN CULTURAL

Dicho lo anterior podemos deducir que el Entroido ourensano puede considerarse un bien cultural, legado en condiciones óptimas para su perpetuación. No obstante esta circunstancia no es extrapolable a la totalidad de la geografía provincial, pues en gran parte de la misma se ha dejado de celebrar, lo cual no implica necesariamente su pérdida, sino abandono, y la experiencia nos hace optimistas respecto de su recuperación que si no alcanza a ser absoluta, sí será considerable, basta con que se tenga el acierto de recoger lo que generaciones que nos preceden puedan transmitirnos.



Pantalla (*Xinzo de Limia*)

Rompendo as olas
(*Xinzo de Limia*)



Domingo Oleiro (*Xinzo de Limia*)





Detalle das Pantallas (*Xinzo de Limia*)

Desfile de Pantallas (*Xinzo de Limia*)



¿FESTA OU ARTE?

Conven aclarar antes de seguir que cando falamos do Entroido, estámonos refirindo ó histórico, xa que no seu aspecto máis moderno existen, como en calquera outro lugar da xeografía española, celebracións máis ou menos importantes. Aquí o obxectivo é amosar ó visitante un aspecto case insólito dun vello folclore de grande visibilidade, con actuacións que un non atina a calificar, xa que aspectos como a danza, a declamación, e a dramatización, a máis dunha fermosa estética, están presentes.

*O Entroido conservado céntrase no espazo ocupado por unha imaxinaria franxa, da que o eixo maior alinéase en dirección nordeste-suroeste. Inclúe os vales da **Limia e Monterrei**; val alto de **Laza e terras de Conso, Manzaneda e Viana**. Os concellos comprendidos son: **Xinzo de Limia e Sarreaus**; **Laza e Vilariño de Conso, Manzaneda e Viana do Bolo**. En todos eles o poder de convocatoria é moi grande, acadando concentracións de milleiros de persoas cada un.*

O ESPECTÁCULO

O non iniciado que descoñece as manifestacións do Entroido sentirase de inmediato engaiolado polas singularidades que está presenciando. Por veces será o sonoro ritmo dos bombos, redobrantes e outros instrumentos como: cornos ou cornetas, que incrementado pola percusión en obxectos metálicos converte o son en estrondo. Os personaxes centrais danzan, choutan, como se estiveran en transe. Cando o espectáculo alcanza o clímax, o público acéndese, mestúrase. Isto ten

¿FIESTA O ARTE?

Conviene aclarar antes de continuar que cuando nos referimos al Entroido, nos estamos limitando exclusivamente al carnaval histórico, puesto que en su aspecto más moderno existen como en otros puntos de la geografía española celebraciones más o menos importantes. El objetivo que aquí se pretende es mostrar al visitante un aspecto singular, casi insólito, de un folclore ancestral de una gran visibilidad, con actuaciones que uno no sabe muy bien como calificar, ya que aspectos como la danza, la declamación y la dramatización, además de una bellísima estética, están presentes.

El Entroido conservado se centra en el espacio ocupado por una imaginaria franja cuyo eje mayor se alinea en dirección nordeste-suroeste, basculado al extremo inferior sureste. Incluye los valles de a **Limia y Monterrei**; valle alto de **Laza y tierras de Conso, Manzaneda y Viana**. Los municipios comprendidos son: **Xinzo de Limia y Sarreaus**; **Laza y Vilariño de Conso, Manzaneda y Viana**. Todos ellos con gran poder de convocatoria, llegando a concentrar en los días grandes varios millares de personas cada uno.

EL ESPECTÁCULO

El no iniciado o desconocedor de las manifestaciones del Entroido se sentirá de inmediato atraído, subyugado por las singularidades que está presenciando. Unas veces será el sonoro ritmo de bombos, tambores y otros instrumentos como cuernos y cornetas, que incrementado por la percusión en objetos metálicos, convierte el sonido en estruendo. Los personajes centrales danzan, saltan como si estuviesen en trance. Cuando el espectáculo alcanza el clímax, el público se enardece, se mezcla, interviene y se transfor-

particular efecto na zona da montaña, onde os profundos vales e as elevacións amplifican ata o inenarrable o son. Outras veces o acto reviste características insólitas, con costumes que sorprenderían ó visitante e que terá que aceptar e compartir para comprenderlas. En calquera caso pronto se sentirá participante e non espectador. A tradición é aquí realmente rigorosa. Os personaxes, dun intenso atractivo, e o medio no que se desenvolven os acontecementos trasladarannos a épocas pretéritas e nós non faremos outra cousa que deixarnos levar lamentando, interiormente, que todo sexa tan pouco duradeiro e pensaremos, irremisiblemente, no próximo ano.

Noutros lugares o Entroido é un espectáculo máis remansado, aínda que non menos intenso por eso; máis profuso en participantes e escénicamente máis ordenado. É un espectáculo, máis de contemplación que de integración, aínda que esto último sexa unha constante en todo o Entroido. Inflúe o feito de sentirse espectador unha especial circunstancia, son os grandes desfiles de corte moderno e festas paralelas ó tradicional.

GASTRONOMÍA

Consiste esencialmente en produtos da matanza do porco, como chourizos, cachucha, ceboleiros, etc. Algúns destes son específicos de certas comarcas, como a androlla, o botelo e o bandullo.

Tamén existen doces como o bolo, as orellas de frade, as tostas, a bica branca, etc.

Dende fai uns anos, o cabrito pasou a formar parte da gastronomía do Entroido, en lugares como Laza e Vilariño de Conso.

ma. Esto tiene particular efecto en la zona de montaña, donde los profundos cauces y las elevaciones amplifican hasta lo inenarrable el sonido. Otras veces el acto reviste características insólitas, con costumbres que sorprenderán al visitante y que tendrá que aceptar y compartir para comprenderlas. En cualquier caso pronto se sentirá participante y no espectador. La tradición es aquí realmente rigurosa. Los personajes de un intenso atractivo y el medio en que se desenvuelven los acontecimientos nos trasladarán a épocas pretéritas y nosotros no haremos otra cosa que dejarnos llevar lamentando interiormente que todo sea tan poco duradero y pensaremos irremisiblemente en el próximo año.

En otros lugares el Entroido es un espectáculo más remansado, aunque no menos intenso por ello; más profuso en participantes y escénicamente más ordenado. Es un espectáculo, más de contemplación que de integración, aunque esto último sea una constante en todo el Entroido. Influye en el hecho de sentirse espectador, una especial circunstancia que son los grandes desfiles de corte moderno y fiestas paralelas a lo tradicional.

GASTRONOMÍA

Consiste esencialmente en productos de la matanza del cerdo, como chorizos, cachucha, ceboleiros, etc. Algunos de éstos son específicos de ciertas comarcas, como la androlla, el botelo y el bandullo.

También existen dulces como el bolo, las orellas de frade, las tostas, la bica blanca, etc.

Desde hace unos años, el cabrito pasó a formar parte de la gastronomía del Entroido, en lugares como Laza y Vilariño de Conso.

Máscara de Vergalleiro
(*Sarreaus*)



Vergalleiros (*Sarreaus*)





Detalle Máscara de Cigarrón
(Verín)



Cigarrón (Verín)



Entroido (Verín)



Sen pretendelo fomos narrando as características dos distintos entroidos nun preciso orde, e lóxica secuencia que se inicia na montaña para ir baixando ós vales.

O TEMPO DE ENTROIDO

Debemos ampliar para o coñecemento do visitante, certos datos pois seguramente acostumado ó que é máis común terá na mente os tres días máis coñecidos: domingo, luns e martes de Entroido. Isto non é así, xa que o Entroido ven precedido de actos propios do mesmo, dende datas moi anteriores. Na maior parte dos casos comeza en Xaneiro aproveitando certas festividades relixiosas como: O San Amaro, O San Sebastián, etc. Se lembramos de novo a Caro Baroja veremos que di que o Entroido non existiría sen a coesma; de igual forma non se tería consolidado sen connivencia coa relixión.

*A medida que nos achegamos ós días principais van aparecendo outros; **domingo fareleiro, domingo oleiro, xoves de comadres, ou lardeira, xoves de compadres ou lardeiro, etc.**, días nos cales teñen lugar celebracións tan interesantes e tan densas como os tres días grandes, aínda que menos concurridas polos non nativos da localidade concreta.*

Como o espazo é limitado e o tema da para moito imos referirnos especificamente a aqueles Entroidos que conservando unha grande tradición presentan unha alta cota de participantes locais e público asistente, e, dado que nas características xerais comezamos pola montaña, agora á inversa, é dicir, en sentido ascendente dende o val. Citaremo-lo concello onde ten lugar o personaxe

Sin pretenderlo hemos ido narrando las características de los distintos entroidos en un preciso orden, y lógica secuencia que se inicia en la montaña para ir bajando a los valles.

EL TIEMPO DE ENTROIDO

Debemos ampliar para el conocimiento del visitante, ciertos datos pues seguramente acostumbrado a lo que es más común tendrá en la mente los tres días conocidos: domingo, lunes y martes de Carnaval. Ello no es así, ya que el Entroido viene precedido de actos propios del mismo desde fechas muy anteriores. En la mayor parte de los casos comienza en Enero aprovechando ciertas festividades religiosas como: San amaro, San Sebastián, etc. Si recordamos de nuevo a Caro Baroja veremos que dice que el carnaval no existiría sin la cuaresma; de igual forma no se habría consolidado sin connivencia con la religión.

A medida que nos aproximamos a los días principales van apareciendo otros; **domingo fareleiro, domingo oleiro, jueves de comadres o lardeira, jueves de compadres o lardeiro, etc.**, días en los cuales tienen lugar celebraciones tan interesantes y tan densas como los tres días grandes aunque menos concurridas por los no nativos de la localidad concreta.

Como el espazo es limitado y el tema da para mucho vamos a referirnos especificamente a aquellos Entroidos que conservando gran tradición presentan una alta cota de participantes locales y público asistente, y puesto que en las características generales hemos comenzado por la montaña lo haremos ahora a la inversa, es decir, en sentido ascendente desde el valle. Citaremos el concello donde tiene

que representa o Entroido e aqueles días máis sinalados de celebración. Tampouco nos imos deter na pormenorizada descrición do personaxe, ou personaxes característicos de cada lugar, xa que este aspecto queda cuberto coa ampla documentación fotográfica que conforma esta guía.

lugar el personaje que representa el Entroido y aquellos días más señalados de celebración. Tampoco nos vamos a detener en la pormenorizada descripción del personaje, o personajes característicos de cada lugar, pues este aspecto queda cubierto con la amplia documentación fotográfica que conforma esta guía.

ENTROIDOS CONCRETOS

XINZO DE LIMIA. *Ten como personaxe central a PANTALLA, cunha vestimenta que se considera incompleta sen as clásicas vexigas, tendo que repoñelas cada vez que se rompen. Os días máis relevantes no Entroido antelán son: domingo fareleiro, domingo oleiro, domingo corredeiro, e luns e martes de Entroido. Considérase comezo oficial o día de San Sebastián.*



En Xinzo ten lugar un concurrido desfile o día grande, o martes; encabézao un numeroso grupo de pantallas, ás que seguen: banda de gaitas, banda de música e varias charangas intercaladas entre as numerosas carrozas e grupos de xente disfrazada á usanza moderna con indumentarias alusivas a personaxes de actualidade, circunstancias etc. Non obstante a atención céntrase na pantalla.

Previamente, o domingo oleiro, desenvolveuse un concurrido acto no que se lanzan centos de olas de barro entre os participantes. O xogo consiste en non deixalas caer ó chan, isto ten un singular castigo, como o ten nos tres días finais do Entroido aquel que sendo veciño é sorprendido polas pantallas carecendo de disfraz, que pode non ser tradicional, pero si obrigatorio.

ENTROIDOS CONCRETOS

XINZO DE LIMIA. Tiene como personaje central la PANTALLA cuyo atuendo se considera incompleto sin las clásicas vejigas, que ha de reponer cada vez que se rompan.

Los días más relevantes en el Entroido antelano son: domingo fareleiro, domingo oleiro, domingo corredeiro, lunes y martes. Se considera comienzo oficial el día de San Sebastián.

En Xinzo tiene lugar un concurrido desfile el día grande, el martes; lo encabeza un numeroso grupo de pantallas, a las que siguen: banda de gaitas, banda de música y varias charangas intercaladas entre las numerosas carrozas y grupos de gente disfrazada a la usanza moderna con indumentarias alusivas a personajes de actualidad, circunstancias etc. No obstante la atención se centra en la pantalla.

Previamente, el domingo oleiro, se ha desarrollado un concurrido acto en el que se lanzan centenares de ollas de barro entre los participantes. El juego consiste en no dejarles caer al suelo, ello tiene un singular castigo, como lo tiene en los tres días finales del Entroido aquel que siendo vecino es sorprendido por las pantallas careciendo de disfraz, que puede no ser tradicional, pero sí obligatorio.



Tres momentos
do entroido
en Verín





Martes de Entroido
(Laza)



As Formigas (Laza)

A Picota (Laza)



O entroido de Xinzo foi declarado de forma expresa de Interese Turístico Nacional.

El entroido de Xinzo ha sido declarado de forma expresa de *Interés Turístico Nacional*

SARREAUS. O personaxe é aquí o VERGALLEIRO. Figura de gran vistosidade pola súa indumentaria, de esmerada execución. Cada vergalleiro leva un corno de vacún que fai soar durante a súa actuación.



SARREAUS. El personaje es aquí el VERGALLEIRO. Figura de gran vistosidad por su indumentaria, de esmerada ejecución. Cada vergalleiro porta un cuerno de vacuno que hace sonar durante su actuación.

O Entroido en Sarreaus reúne multitude de visitantes que participan de forma activa no desfile; cando este remata veciños e forasteiros reúnen nunha comida de irmandade ó aire libre, sendo costume proporcionar a casa comensal unha xarra de barro, que despois levará como recordo.

El Entroido en Sarreaus convoca multitud de visitantes que participan de forma activa en el desfile, acabado el cual oriundos y forasteros se reúnen en una comida campestre de hermandad, siendo costumbre proporcionar a cada asistente una jarra de barro, que luego se llevará como recuerdo.

VERÍN. Aquí atoparemos un personaxe chamado o CIGARRÓN.



VERÍN. Aquí encontraremos un personaje llamado el CIGARRÓN.

Tocado cunha especie de mitra-máscara, cun vistoso e elaborado traxe, porta un látigo co que simula azoutar á xente, sendo costume como noutros Entroidos, embadurnar con fariña, respetando ó visitante que non participa, ou reducindo o seu emprego, quedando nun mero xesto simbólico.

Tocado con una especie de mitra-máscara, con un vistoso y elaborado traje, porta un látigo con el que simula azotar a la gente, siendo costumbre, como en otros Entroidos, embadurnar con harina respetando al visitante que no participa, o reduciendo la acción quedando en un mero gesto simbólico.

A confección da indumentaria é moi laboriosa e dunha cuidada artesanía. Chama a atención polo seu peso que supera os 17 Kg.

La confección del atuendo es muy laboriosa y de una cuidada artesanía. Llama la atención por su peso que supera los 17 Kg.

Os días máis sinalados son: xoves de comadres, xoves de compadres, domingo corredeiro, domingo gordo, luns e martes. O Entroido dura realmente oito días.

Los días señalados son: jueves de "comadres" jueves de "compadres", domingo "corredeiro", domingo "gordo", lunes y martes. El Entroido dura realmente ocho días.

O domingo, o día grande, ten lugar o desfile de cigarróns,

El domingo, el día grande, tiene lugar el desfile de cigarrones,

cunha afluencia moi grande de espectadores. O desfile volve ter lugar o martes. Nestes desfiles toman parte elementos de actualidade, así como disfraces con orixe nos acontecementos notables acontecidos ó longo do ano. Declarado de Interese Turístico, pasa por ser un dos Entroidos máis ancestrais de Galicia. Do mesmo xeito que nos demais lugares, adoitan bota-la fariña.

con afluencia muy grande de espectadores. Vuelve a tener lugar el martes. En estos desfiles toman parte elementos de actualidad, así como disfraces con origen en los acontecimientos notables acontecidos a lo largo del año. Declarado de *Interés Turístico*, pasa por ser uno de los Entroidos más ancestrales de Galicia. Al igual que en los demás lugares es costumbre embadurnar con harina.

LAZA. Temos o PELIQUEIRO como personaxe central. Mais aquí existen outros personaxes secundarios -irémolos atopando progresivamente no noso relato ascendente cara a montaña- **morena e maragato**. Se buscábamos algo ancestral, se nos queremos ver mergullados no subconsciente histórico, se nos queremos diluir no rito, témolo conseguido, chegaremos a crer que estamos na noite dos tempos. A **estrea dos peliqueiros á saída da misa -nova conexión coa relixión- reparto da bica, a picota, etc.,** compoñen un nutrido e particular folclore.



LAZA. Tenemos el PELIQUEIRO como personaje central. Pero aquí existen otros personajes secundarios -los iremos encontrando progresivamente en nuestro relato ascendente hacia la montaña- **morena y maragato**. Si buscábamos algo ancestral, si nos queremos ver inmersos en subconsciente histórico, si nos queremos diluir en el rito, lo hemos logrado, llegaremos a creer que estamos en la noche de los tiempos. La **estrea dos peliqueiros** a la salida de la misa -nueva conexión con la religión- **reparto da bica, a picota, etc.,** conforman un nutrido y particular folklore.

Os derradeiros días do Entroido denomínanse en Laza de xeito distinto, así temos **día da borralleira coa farrapada e a xitanada do burro**. Tamén sae a morena, personaxe único e quizáis o máis antigo. O martes, día dos **peliqueiros veteranos**, ten lugar o **testamento**, característica común ós diversos Entroidos da provincia.

Los días finales del Entroido se denominan en Laza de manera distinta, así tenemos **día da borralleira**, con la **farrapada** y la **xitanada do burro**. También sale la morena, personaje único y quizás el más antiguo. El martes, día de los **peliqueiros veteranos**, tiene lugar la lectura del **testamento**, característica común a los diversos Entroidos de la provincia.

O cigarrón adoita levar unha fusta ou **zamarra**, símbolo de autoridade, coa que se abre camiño, saúda ou zorrega.

El cigarrón suele llevar una fusta o **zamarra**, símbolo de autoridad, con la que se abre camino, saluda o pega.

Como é de esperar non falta a celebración gastronómica; ten lugar o sábado anterior ó domingo gordo. Nela degústase

Como es de esperar no falta la celebración gastronómica; tiene lugar el sábado anterior al domingo gordo. En ella se



Saída de Misa (*Laza*)



Reparto da Bica (*Laza*)





Boteiro, neno (*Vilariño de Conso*)



Folión (*Vilariño de Conso*)

Desfile dos foliós das parroquias (*Vilariño de Conso*)



o cabrito, ademais dos derivados do porco e dun postre específico.

Os do lugar gábanse do seu Entroido e lóuvano situando a súa orixe na prehistoria. Declarado de Interese Turístico.

degusta el cabrito, además de los derivados del cerdo y el postre específico.

Los lugareños se enorgullecen de su Entroido, y lo enfatizan situando su origen en la prehistoria. Declarado de *Interés Turístico*.

VILARIÑO DE CONSO.

A principal característica do Entroido de Conso é a participación de tódolos lugares do concello. Cada lugar ten o seu folión, constante que atoparemos nos concellos da montaña. O folión consiste nunha agrupación na que figura un número considerable do seu personaxe central, o BOTEIRO, ademais dos peliqueiros e comparsas. O boteiro leva unha enorme máscara que pode ter formas diversas, sendo a máis singular a formada por un rectángulo primorosamente adornado con flores de papel de cores; pesa moito, sendo difícil levala.



VILARIÑO DE CONSO. La principal característica del Entroido de Conso es la participación de la mayoría de los pueblos que componen el municipio. Cada lugar tiene su **folión**, constante que encontraremos en todos los concellos de montaña. El folión consiste en una agrupación en la que figura en número considerable el personaje central el *BOTEIRO*, además de los **peliqueiros**, y **comparsas**. El boteiro porta una enorme máscara que puede tener formas distintas, siendo la más singular la formada por un gran rectángulo primorosamente adornado con flores de papel, su peso es muy elevado, siendo de difícil porte.

No tempo que media entre Advento e quincuaxésima, ás noites, adoita saí-lo folión que con enormes bombos, cornas e apeiros da labranza desfila polas rúas con acompañado ritmo -cada aldea ten o seu- sendo enordecedor o son.

Días notables son o xoves de lardeira ou lardeiro (tamén de compadres ou comadres) e domingo gordo, luns e martes de Entroido.

O domingo gordo ten lugar unha concentración de tódolos folións na capitalidade municipal. A medida que se van xuntando e a sonoridade vai en aumento, o visitante síntese “electrizado” e pronto estará mesturado no folión.

En el tiempo que media entre adviento y quincuagésima, a las noches, suele salir el folión que con enormes bombos, cornas y aperos de labranza desfila por las calles con acompañado ritmo -cada aldea puede identificarse por el suyo- siendo ensordecedor el sonido.

Días notables son los jueves de **lardeira** o **lardeiro** (también **compadres** y **comadres**) y domingo **gordo**, **lunes** y **martes de Entroido**.

El domingo gordo tiene lugar una concentración de todos los foliones en la capitalidad municipal. A medida que se van concentrando y la sonoridad va en aumento el visitante se siente “electrizado” y pronto estará mezclado en el folión.

Ó remate do desfile da mañán celébrase un xantar popular –cabuxo e chourizos– que concentra milleiros de persoas.

Después del desfile de la mañana tiene lugar una comida popular –cabrito y chorizos– que congregan millares de personas.

VIANA. *Do mesmo xeito que en Conso atopámonos co personaxe do BOTEIRO. O seu traxe de moi custosa realización ten na súa confección máis de mil metros de cinta; a máscara e o seu conxunto son dun fermoso colorido, podendo adoptar diversa morfoloxía, sendo en casos alegórica.*



VIANA. Al igual que en Conso nos encontramos como personaje con el BOTEIRO. Su traje de costísima realización tiene en su confección más de mil metros de cinta; la máscara y su conjunto son de bello colorido, pudiendo adoptar diversa morfología, siendo en casos alegórica.

Semellante no conxunto e na forma ó Entroido de Conso ten moita afluencia. Nútrese das aldeas do concello.

Semejante en el conjunto y en la forma al Entroido de Conso tiene gran afluencia. Se nutre de los pueblos del concello.

Folión, *grandes bombos, aixadas, gadañas, cornas, trépias, etc, resonan nas rúas da vila, maiormemente o domingo gordo, no que ten lugar o desfile dos boteiros e carrozas, rematando coa festa gastronómica da androlla, especial e infrecuente variedade culinaria das comarcas nordorientais da provincia e sur do Bierzo. Esta festa xunta un gran número de asistentes de toda a provincia.*

Folión, grandes bombos, azadas, guadañas, **cornas**, trespiés, etc. resuenan en las calles de la villa, mayormente el domingo gordo en el que tiene lugar el desfile de boteiro y carrozas, se remata con la fiesta gastronómica de la **androlla**, especial e infrecuente variedad culinaria de las comarcas nordorientales de la provincia y sur del Bierzo. Esta fiesta congrega a un gran número de asistentes de toda la provincia.

Común a tódolos concellos limítrofes, entre os seus personaxes están tamén a mula, o peliqueiro, etc.

Común a todos los municipios limítrofes, entre sus personajes están también la mula, el peliqueiro, etc.

MANZANEDA. *O Entroido consérvase, de forma particular na súa parte oriental, con notable grao de pureza, experimentando actualmente un forte pulo. O personaxe principal é a MÁZCARA; outros personaxes son o peliqueiro, a mula e mailo boi.*



MANZANEDA. El Entroido se conserva de forma particular en su parte oriental y con notable grado de pureza, experimentando actualmente un fuerte impulso. El personaje principal es la MÁZCARA, otros personajes son peliqueiro, mula y boi.

O Entroido comeza tradicionalmente na festa do San

El Entroido comienza tradicionalmente en la festividad de



Detalle de Peliqueiro
(*Vilariño de Conso*)

Bombos
(*Vilariño de conso*)



Boteiros (*Vilariño de Conso*)



**Desfile
do domingo gordo**
(*Vilariño de Conso*)





O Folión
(*Viana do Bolo*)



Peliqueiros
(*Viana do Bolo*)



Boteiro (*Viana do Bolo*)

*Amaro, coa saída do folián, como se dixo no de Conso. Os días significativos son tamén os mesmos. Tén non obstante unha peculiaridade: as **comparsas** e os seus versos nos que ridiculizan ou louvan os acontecementos locais durante o transcurso do ano.*

Quizáis o máis atractivo sexa a danza, que co caxato nas mans, bailan con grande elegancia. A danza ó xeito dos bailes típicos, como a muiñeira, ten entrada e saída.

*En Manzaneda son diferentes **folián** e **foliada**, esta última componse do folián, as mázcaras e a comparsa. Tamén se fai, aínda que non sempre, a lectura do **testamento**.*

O martes de Entroido ten lugar a xuntanza de folións na vila, rematando nun xantar popular, con viandas a base de porco.

OUTROS ENTROIDOS

OURENSE. *Na capitalidade provincial ten lugar un concurrido Carnaval de corte urbano, ou moderno, do que o día grande é o **martes**. A principal atracción consiste nun desfile de carrozas, premiando ós máis sobresaíntes. As rúas centrais da cidade son un fervidoiro de xente, disfrazada ou espectadora. A festa celébrase baixo os auspicios municipais, así como a súa organización.*

MACEDA. *Entroido sucesorio. O seu personaxe é o **FELO**, que alguén denominou como “irmán xemelgo do cigarrón”. Redúcese ás parroquias de Vilardevós, Tioira, Santirso e Castro de Escuadro. Desprázanse á capitalidade municipal, en número moi limitado. Só se visten de felos os solteiros.*

San Amaro con la salida del folián como se dijo en Conso. Los días significativos son también los mismos. Tiene no obstante una peculiaridad, las **comparsas** y sus versos en los que se ridiculizan o se ensalzan los aconteceres locales durante el transcurso del año.

Quizás lo más atractivo sea la danza de las máscaras que, caya-do en mano, bailan con gran elegancia. La danza al estilo de bailes típicos, como la *muiñeira*, tiene su *entrada y salida*.

En Manzaneda se distingue **folián** y **foliada**, esta última se compone del folián, las mázcaras y la comparsa. También se hace en ocasiones la lectura del **testamento**.

El martes de Entroido tiene lugar la concentración de foliones en la villa, rematando en una comida popular, como no, a base de cerdo.

OTROS ENTROIDOS

OURENSE. En la capitalidad provincial tiene lugar un concurrido Carnaval de corte urbano, o moderno, cuyo día grande es el **martes**. La principal atracción consiste en un desfile de carrozas, premiando los más sobresaíntes. Las calles centrales de la ciudad son un hervidero de gente, disfrazada o espectadora. La fiesta se celebra bajo los auspicios municipales, así como su organización.

MACEDA. Entroido relicto. Su personaje es el **FELO**, que alguien denominó como “*hermano gemelo del cigarrón*”. Se reduce a las parroquias de Vilardevós, Tioira, Santirso y Castro de Escuadro. Se desplazan a la capitalidad municipal, en número muy limitado. Sólo se visten de felos los solteros.

ALLARIZ. *Tamén sucesorio, ten como personaxe a CHARRÚA, cunha vestimenta inespecífica; pode levar calquera roupa, sempre que sexa de moito colorido, tocándose cunha monteira; así a describiu V. Risco. Tamén leva pelicas e chocas.*

OIMBRA. *Ten como destacable o percorrido de bodegas e a queima de fachóns.*

Existen moitos outros vestixios de Entroidos tradicionais no resto da provincia, sexan sucesorios ou minoritarios tales coma os de: Maside, cos felos e mascaradas; estas últimas tamén en Boborás; Bande, cos troiteiros. De xeito esporádico aínda se detectan outros personaxes coma os irrios no Bolo; madamitos, en Entrimo; borralleiros, escabicheiros, etc, noutros lugares.

No que respecta ós Entroidos modernos, ou urbanos, forzosamente haberán de destacarse os de O Carballiño, Ribadavia e o Barco de Valdeorras, pola súa alta participación de público, disfraces, e comparsas.

ALLARIZ. También relicto, tiene como personaje la CHARRÚA, cuya vestimenta es inespecífica; puede llevar cualquier ropa, siempre que sea de mucho colorido, tocándose con una monteira; así la describió V. Risco. También lleva pelicas y cencerros.

OIMBRA. Tiene como destacable el recorrido de bodegas y la quema de fachóns.

Existen muchos otros vestigios de Entroidos tradicionales en el resto de la provincia, sean relictos o minoritarios tales como los de: Maside, con los felos y mascaradas; estas últimas también en Boborás; Bande, con los troiteiros. De modo esporádico todavía se detectan otros personajes como los irrios en O Bolo; madamitos, en Entrimo; borralleiros, escabicheiros, etc, en otros lugares.

Por lo que respecta a los Entroidos modernos, o urbanos, forzosamente habrán de destacarse los de O Carballiño, Ribadavia y o Barco de Valdeorras, por su alta participación de público, disfraces, y comparsas.

CALENDARIO

A modo de información, e ó non ter data fixa o Entroido, esbozaremos un calendario apoiándonos no tempo litúrxico. É común a tódolos Entroidos.

Domingo **fareleiro** - Septuaxésima
Xoves de **comadres**

Domingo **corredoiro** - Sesaxésima
Xoves de **compadres**

Domingo **gordo** - Quincuaxésima
Luns de **Entroido**

Martes de **Entroido**

Enterro da sardiña - Mércores
de cinza

Cada un destes domingos, segundo os lugares, pode adop-

CALENDARIO

A modo de información, y al no terer fecha fija el Entroido, esbozaremos un calendario apoyándonos en el tiempo litúrgico. Es común a todos los Entroidos.

Domingo **fareleiro** - Septuagésima
Jueves de **comadres**

Domingo **corredoiro** - Sesagésima
Jueves de **compadres**

Domingo **gordo** - Quincuagésima
Lunes de **Entroido**

Martes de **Entroido**

Entierro de la sardina - Miércoles
de ceniza

Cada uno de estos domingos, según los lugares, puede adop-



Folión (*Viana do Bolo*)

Bombos (*Viana do Bolo*)

A Mula (*Viana do Bolo*)



O Boi (*Manzaneda*)





Bombos (*Manzaneda*)



O Foli3n (*Manzaneda*)



M3zcara (*Manzaneda*)

Comparsa (*Manzaneda*)



tar outra denominación: domingo **lambedoiro**, domingo **oleiro**, etc. Os xoves poden ser tamén: de **lardeiro** ou **lardeira**, respectivamente.

tar outra denominación: domingo **lambedoiro**, domingo **oleiro**, etc. Los jueves pueden ser también: de **lardeiro** o **lardeira**, respectivamente.

CONCLUSIÓN

Aínda que temos remitido ó lector á elocuencia das fotografías, debemos significar que cada personaxe característico dos lugares citados leva sempre ó cinto grandes campaiñas ou chocas. Asemade tamén porta algo nas mans, vexigas, vergallos, monca, caxato. etc.

Ata aquí o noso intento foi o de transmitir o que é o Entroido tradicional, conscientes de que é punto menos que imposible aínda dispendo de espacio. Suxerimos e invitamos a presencialo. Será algo difícil de olvidar.

CONCLUSIÓN

Aunque hemos remitido al lector a la elocuencia de las fotografías, debemos significar que cada personaje característico de los lugares citados lleva siempre al cinto grandes campanillas o **chocas** (cencerros). Asimismo también porta algo en las manos, vejigas, **vergallos** ("látigos"), **monca** (palo recto) que usa para saltar, **caxato** (bastón) etc.

Hemos intentado transmitir lo que es el Entroido tradicional, conscientes de que ello es punto menos que imposible aún disponiendo de espacio. Sugerimos e invitamos a presenciarlo. Será algo difícil de olvidar.

TELÉFONOS ÚTILES

PADROADO PROVINCIAL DE TURISMO	988 391085
SOS GALICIA.....	900 444222
Concello de Allariz	988 440001
Concello de Laza.....	988 422002
Concello de Manzaneda.....	988 333043
Concello de Maceda	988 463001
Concello de Oimbra	988 426160
Concello de Ourense	988 388100
Concello de Sarreaus.....	988 454372
Concello de Verín.....	988 410001 / 988 414452
Concello de Viana do Bolo	988 340120
Concello de Vilariño de Conso.....	988 340302
Concello de Xinzo de Limia	988 550111



Esta guía forma parte dun conxunto
de carácter temático
que inclúe os títulos seguintes:

TURISMO ACTIVO

Describe as cualidades da provincia de Ourense
para practicalo e os enclaves de maior interese.

RUTA DA PRATA

Detallada descrición
do máis fermoso camiño xacobeo.

TURISMO RURAL

A natureza en estado puro, sen masificacións.
Catálogo completo das casas
de turismo rural de Ourense.

FESTAS DA PROVINCIA DE OURENSE

Tradicionalas, gastronómicas, romarías,...
as máis sinaladas.

TURISMO MONUMENTAL

Itinerarios, descricións e distancias.
Para coñecer o rico patrimonio monumental
da provincia.

TURISMO NATURAL

Descubra os parques
e excepcionais espazos naturais de Ourense.

ENTROIDOS DA PROVINCIA

A cor, o son e a súa maxia nos enfeitizarán.

RÍOS, FONTES, CALDAS,... AUGA

Nas súas variadas manifestacións
descubriremos a súa riqueza:
deporte, saúde, lecer e beleza.

OURENSE

Corazón de ouro que late en mil paisaxes diferentes,
inigualables monumentos e festas ancestrais.

Ourense, azul e verde.



Tlf.: +34 988 39 10 85 - Fax: +34 988 39 19 62
<http://www.inorde.com> - e-mail: patronato@inorde.com



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO